

Tema 23.-A Protección Civil.—A Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Cambados a súa composición e funcionamento.—Breve reseña dos seus Estatutos.

Tema 24.-Primeiros Auxilios: nocións xerais.—Actuacións en caso de incendio, accidente de tráfico, afogamento, asfixia, etc.—Obrigación de prestar auxilio.—O delito de denegación de auxilio.

Tema 25.—O Municipio de Cambados. Descripción física. Núcleos de poboación e rúas principais.—As Ordenanzas Municipais.—A Ordenanza de inmovilización e retirada de vehículos da vía pública do Concello de Cambados.—A Ordenanza Municipal de Tráfico.

Cambados, a 15 de setembro de 2.000.—O Alcalde, José Manuel Cores Tourís. 7196

---

### EDITO

Faise público que, en cumprimento do disposto pola Base IV das que rexen o Concurso-oposición para provisión dunha praza de Administrativo de A.X., en promoción interna, o Sr. Alcalde, por Resolución do 28.08.00, aprobou a seguinte lista de admitidos:

D. José Benito Vázquez Casais e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Mar Mondragón Treviño.

*Tribunal.*—Presidente: O Sr. Alcalde, D. José Manuel Cores Tourís.—Suplente: D<sup>a</sup> Rosa Oubiña Solla. Secretario: D. Antonio Botana Cabanillas.—Suplente: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Angel Botana Cabanillas.—Vocais: O Concelleiro D. José Antonio Domínguez Padin.—Suplente: D. Fernando Pombo Rodríguez. En representación da Xunta de Galicia, D. José M<sup>a</sup> Picallo Búa.—Suplente: D. Juan J. Piñeiro Gómez-Durán. En representación dos Funcionarios de Carreira do Concello, D. Pelayo C. Eyo Valladares.—Suplente: D<sup>a</sup> Ana M<sup>a</sup> Fole Pintos.

*Data de comezo da probas.*—Fíxase como data de comezo das probas o día 17 de outubro do 2.000 (martes), ás 10,00 horas, na Casa Consistorial de Cambados.

Cambados, 20 de setembro do ano 2000.—O Alcalde, José Manuel Cores Tourís. 7198

---

### EDITO

Aprobada inicialmente, polo Pleno da Corporación, en sesión do 30.06.2000, a Ordenanza Reguladora das Licencias de Primeira Utilización de Edificios, no término municipal de Cambados, e elevándose automaticamente a definitivo o devandito acordo, dando cumprimento e ós efectos do disposto polo artigo 70.2) da Lei 7/85, R.B.R.L., faise público o seu texto íntegro que é o seguinte:

## ORDENANZA REGULADORA DAS LICENCIAS DE PRIMEIRA UTILIZACION, OU DE CAMBIO DE USO DE EDIFICIOS, NO TERMINO MUNICIPAL DE CAMBADOS

**PREAMBULO.**—Entre as atribucións que a lei lle outorga ós Concellos está, tal como dispón o artigo un do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais de 15.07.1955, a de intervir na actividade dos seus administrados, no exercicio da función de policía, cando poida existir perigo de perturbación da tranquilidade, seguridade, salubridade ou moralidade cidadanas, e, loxicamente, coa finalidade de garantizalas, protexelas e conservalas e, en canto ó urbanismo, para velar polo cumprimento da normativa específica que resulte de aplicación. Nesta orde de cousas xa esixía dito Regulamento a necesidade de previa licencencia, entre outras, para a primeira utilización dos edificios e para a modificación do uso dos mesmos. Esta mesma obrigación ven reiterándose nas leis do solo e, por suposto, na Lei 1/97, de 24 de xullo, do Solo de Galicia, xa que no seu artigo 168, suxeita a previa licencia, entre outras, a primeira utilización dos edificios e a modificación do uso destes. Por último o Regulamento de Disciplina Urbanística, para o desenvolvemento e aplicación da citada Lei do Solo de Galicia, no seu art. 10, números 8 e 11, tamen suxeita a previa licencia a primeira utilización e a modificación do uso dos edificios e instalacións en xeral, coa finalidade sinalada no seu art. 9, de comprobar se as obras e usos proxectados reunen as condicións esixibles de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade. Por todo elo, e no exercicio das potestades regulamentarias e de autoorganización que a Lei de Bases de Rexime Local lle outorga ás Entidades Locais, apróbase a presente Ordenanza.

### CAPÍTULO I. Disposicións xerais

**Artigo 1º.**—*Obxecto da Ordenanza.*—A presente ordenanza ten por obxecto establece-los requisitos e o procedemento para a concesión das licencias de primeira utilización, ou para o cambio do uso dos edificios e instalacións en xeral, no término municipal de Cambados, e todo elo en cumprimento e de conformidade co esixido polos artigos 21 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais, de 17.06.55; art. 168 da Lei 1/97, do Solo de Galicia; e art. 10 números 8 e 11, do Regulamento de Disciplina Urbanística (Decreto 28/99, de 21 de xaneiro), e Decreto 311/92, de 12 de novembro, en canto ás vendas.

**Artigo 2º.**—*Dos edificios e instalacións en xeral.*—Ós efectos da presente Ordenanza terán a consideración de edificios e instalacións suxeitos á mesma, tanto os edificios de nova planta como os resultantes da ampliación ou reforma de estructu-

ras dos xa existentes, executados, en todo caso, ó amparo dunha licenzia urbanística de obras, ou da súa legalización, se fose o caso, e sexan destinados tanto a vivendas como a actividades mercantís, industriais, de almacenamento, granxas de animais, obradoiros etc.

Artigo 3º.—*Finalidade*.—As licenzias de primeira utilización, ou de cambio de uso, terán por finalidade: a) Comprobar se o edificio ou a instalación, construídos de nova plata ou modificados, se axustan ó proxecto técnico e á licenzia urbanística de obra, a si como a realización da urbanización, se fose o caso, e o cumprimento da Lei 8/97, de 20 de agosto, e o seu Regulamento, de 28-1-2000, sobre accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia. b) Comprobar se a edificación cumpre coas condicións esixibles de seguridade, salubridade e habitabilidade, ás que se refíren as disposicións citadas no art. 1º, así como as características específicas que, respecto ás vivendas, establece o Decreto 311/1992, de 12 de novembro. c) Comprobar e confirmar se as edificacións ou as instalacións poden ser destinadas ós usos para os que foron proxectadas ou para os que se solicita autorización.

Artigo 4º.—*Licenzia de ocupación ou uso e licenzia de apertura*.—A licenzia de primeira utilización ou cambio de uso, é independente e distinta da licenzia de apertura de establecementos, que se atopa establecida e regulada pola Ordenanza Municipal de Regulación de Establecementos Públicos e Comerciais. Así pois, no caso de establecementos deberase obter primeiramente a licenzia de primeira utilización, orientada ás finalidades descritas no art. 3º, e, posteriormente, deberase obter a licenzia de apertura, orientada ó cumprimento dos requisitos esixidos pola ordenanza específica mencionada, e que ten por finalidade lexitar o exercicio dunha actividade industrial, comercial, profesional, recreativa, etc.

## CAPITULO II. Das licenzias

Artigo 5º.—*Solicitudes e requisitos*. 1.—Os interesados en obter a licenzia de primeira utilización ou cambio de uso, presentarán a correspondente solicitude, no modelo oficial que subministrará o propio Concello, dirixida ó Sr. Alcalde- Presidente, e na que constará: a) Nome e apelidos do interesado, D.N.I., e domicilio a efectos de notificacións. No caso de actuar en nome ou representación doutra persoa física ou xurídica, datos do representado e, no seu caso, a autorización ou apoderamento outorgados pola persoa representada. b) Referencia dos feitos que motivan a solicitude, concretando coa maior claridade os datos do edificio construído ou modificado, circunstancias, situación, finalidade, uso e cantos outros se coide oportuno subministrar. c) Lugar, data e firma do solicitante; e, d)

Todos aqueles outros datos requeridos no impreso de solicitude.

2.—Os solicitantes deberán engadir ás súas solicitudes os seguintes documentos: a) Fotocopia da licenzia de obra outorgada no seu día. b) Certificacións de finalización de obra, instalacións e, no seu caso, de urbanización, emitidas polos directores das mesmas, e visadas polos colexios profesionais correspondentes. c) Xustificante de ter solicitada a alta no imposto de bens de natureza urbana. d) Xustificante do aboo das taxas municipais correspondentes. e) Proxecto reformado, se fose o caso. f) Xustificante de estar ó corrente no IAE, do contratista principal e das posibles empresas subcontratantes que teñan intervido nas obras.

3.—Para o caso de vivendas de protección oficial, o promotor deberá aportar, asimesmo, a cédula de calificación definitiva.

Artigo 6º.—*Organo competente*.—O órgano municipal competente para o outorgamento das licenzias ás que se contrae a presente Ordenanza será, por delegación da Alcaldía, a Comisión de Goberno.

Artigo 7º.—*Do procedemento de concesión*.—1.—Solicitada a licenzia polo interesado, pasarase a informe dos Servicios Técnicos Municipais, no que se fará consta-lo seguinte: a) Se a obra foi executada con suxección ó proxecto técnico, e, en todo caso, á licenzia urbanística de construción concedida no seu día. b) Se se realizarón as obras de urbanización, se fose procedente, de acordo coas determinacións do proxecto de urbanización se o houbese, ou do proxecto de obra ordinaria, conforme, en todo caso, co planeamento en vigor. c) Se se executou a restauración ou reposición do equipamento urbano que puidese terse afectado polas obras en cuestión, se fose o caso. d) Se se cumpren as condicións de seguridade, salubridade e ornato públicos que puidesen verse afectados como consecuencia das obras de referencia, e a conclusión sobre a aptitude ou non, do edificio ou instalación para o uso ou finalidade para os que se solicita a licenzia.

2.—Os informes serán evacuados no prazo de dez días, dende a data de entrega do expediente para informe, prazo que se interrompíra, se fose preciso incorporar novos documentos, e polo tempo en que se demore dita incorporación.

3.—Levantarase acta da visita que efectúe o Técnico Municipal á obra en cuestión, e que será firmada conxuntamente co representante da promotora, e na que se farán constar as circunstancias nas que se atope a obra, en relación co Proxecto e coa licenzia de obra concedida no seu día. Incluírase, asimesmo, calquera outra incidencia, que se estime conveniente no momento da visita, e en relación con calquera aspecto das obras para as que se solicita a licenzia.

Artigo 8º.—Se como consecuencia da visita que efectúe o Técnico Municipal, ós efectos de emitilo preceptivo informe, se comprobase a existencia de variacións do proxecto técnico, ou das condicións da licenzia de obra concedida no seu día, faranse constar as anomalías observadas, con indicación expresa da infracción cometida, así como da posibilidade ou imposibilidade da súa legalización. Indicarase asimismo no informe, se a edificación reúne as condicións de habitabilidade, hixiene e seguridade, ós efectos de autorizar, se fose procedente, a contratación dos servizos de auga, gas, electricidade, telefonía, etc., sen prexuízo da incoación e tramitación, do expediente sancionador, e/ou do necesario para que se leven a cabo as correccións ou modificacións que procedan. Neste caso, a licenzia de primeira utilización concederíase de forma individualizada e co único fin de permitirla ocupación de vivendas ou locais que reúnan as condicións de habitabilidade, hixiene e seguridade e non se vexan afectadas directamente polas modificacións ou correccións que sexa preciso realizar.

Artigo 9º.—*Prazo de resolución.*—A Comisión de Goberno deberá resolver a solicitude no prazo máximo de dous meses, a contar dende a data da súa presentación, coa documentación que sexa necesaria, no rexistro do Concello. O prazo anterior quedará interrompido polo tempo necesario para aportar ó expediente algún documento complementario, se fose preciso requerilo. Así mesmo interrompirase o prazo se a obra non cumprise co planeamento ou coas condicións da licenzia, e polo tempo necesario para levar a cabo as modificacións ou correccións das infraccións ou deficiencias observadas polo técnico municipal, coa correspondente tramitación do expediente de protección da legalidade urbanística.

Artigo 10º.—*Silencio administrativo.*—Transcorrido o prazo establecido no artigo anterior, tendo en conta así mesmo as circunstancias que nel se indican, e non se tivese adoptado pola Comisión de Goberno resolución algunha en relación coa solicitude de concesión de licenzia, o interesado, consoante co disposto polo art. 43.2 da Lei 30/92, de 26 de novembro do R.X.A.P. e do Procedemento Administrativo Común, poderá entender estimada, por silencio administrativo a solicitude, e, na súa consecuencia, concedida a licenzia solicitada. Nembargante non se entenderá concedida a licenzia en contra do establecido pola lexislación vixente, polo planeamento urbanístico municipal ou pola presente ordenanza.

### CAPITULO III.

#### Das obrigacións en materia de licenzias de primeira utilización

Artigo 11º.—*Das obrigacións dos titulares dos edificios.*—Queda terminantemente prohibida para os titulares dos edificios a súa ocupación ou utili-

zación sen ter obtida a previa licenzia de primeira ocupación ou, no seu caso, do cambio de uso, regulada na presente ordenanza. Nos documentos que se formalicen, relativos os contratos de compravenda, arrendamento ou outros dereitos reais, farase constar expresamente que a edificación, vivenda ou local atinxidos dispoñen da preceptiva licenzia de primeira ocupación, ou falta da mesma, debendo advertirse neste último caso que non poderá procederse á súa ocupación sen dispoñer previamente de dita autorización. En caso de incumprimento deste precepto responderán, solidariamente, os promotores, os adquirentes, os arrendadores e os arrendatarios ou moradores, no seu caso, do edificio, vivenda ou local atinxidos.

Artigo 12º.—*Das obrigacións das empresas subministradoras de servizos.*—As empresas subministradoras de auga, gas, electricidade e telefonía fixa, deberán esixir dos promotores ou titulares dos edificios, estar en posesión, como requisito previo ineludible, da licenzia regulada na presente Ordenanza, non debendo prestalos servizos que se lles soliciten sen que se teña cumprido coa obriga de dispoñer da licenzia, e elo en virtude do disposto polo artigo 53 do Regulamento de Disciplina Urbanística, aprobado por Decreto nº 28/99, de 21 de xaneiro.

### CAPITULO IV.

#### Infraccións e sancións

Artigo 13º.—*Infraccións.*—Constitúe infracción urbanística a ocupación ou primeira utilización, así como o cambio de uso das edificacións, sen ter obtido previamente a correspondente licenzia municipal, conforme ó disposto polo artigo 181 da Lei 1/97 do Solo de Galicia, en relación co artigo 69 do seu Regulamento de Disciplina Urbanística.

Artigo 14º.—*As infraccións ás que se refire a presente ordenanza clasifícanse en moi graves, graves e leves.* 1.—Constituirá infracción moi grave, a inexactitude nos datos dos documentos ou certificacións aportados polos promotores ou polos directores facultativos, e que resulten fundamentais para a concesión da licenzia solicitada. Considerase así mesmo infracción moi grave o tratar de opte-la conformidade para a consecución da licenzia con falsas apariencias de obras non executadas correctamente.

2.—Constituirán infraccións graves: a) A ocupación, ou primeira utilización das edificacións sen a preceptiva licenzia. b) A subministración de auga, gas, electricidade ou telefonía fixa, sen que se teña outorgada a licenzia municipal. c) Ocultar ós adquirentes, arrendatarios, ou posibles moradores por outros dereitos reais, a carencia de licenzia de primeira ocupación ou utilización das edificacións ou instalacións afectadas.

3.—Constituirán infraccións leves: a) A negativa dos promotores ou transmitentes a entregar ós interesados copia da licenzia concedida pola Comisión de Goberno. b) As infraccións que supoñan variacións que resulten legalizables, e que non influán decisivamente na concesión ou denegación da licenzia municipal. c) Todas aquelas outras infraccións non contempladas nos apartados anteriores sempre que non influán de xeito decisivo na concesión de licenzia, e que non produzan danos para os intereses xerais.

Artigo 15º.—*Sancións.*—1.—As infraccións enumeradas no artigo anterior serán sancionadas pola Alcaldía, con multas segundo a seguinte escala: a) Infraccións moi graves: multa de 250.001 a 500.000 pesetas. b) Infraccións graves : multa de 100.001 a 250.000 pesetas. c) Infraccións leves: multa de ata 100.000 pesetas.

2.—A imposición de multas non exonerará ó responsable, ou responsables da infracción, da obriga- ción de efectuar as modificacións ou reparacións que procedan ós efectos de legalización da situa- ción, ou ben de proceder á demolición do obrado, no caso de que non fose legalizable. En todo caso, aplicarase, en protección da legalidade urbanística, o establecido no Capítulo II do Título VI da Lei 1/97, do Solo de Galicia.

3.—Respecto á tramitación, para a imposición das multas recollidas no presente artigo, será de aplicación o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora, aprobado por Real Decreto 1398/93, de 4 de agosto.

Artigo 16º.—*Persoas responsables.*—Das infraccións moi graves, recollidas no apartado 1 do artigo 14 da presente Ordenanza, serán respon- sables, independentemente, o promotor e o di- rector facultativo que incorresen en inexactitu- de dos datos ou que interviñesen no intento de falsa aparencia das obras. 1) Das infraccións graves, ás que se refire o apartado 2 do citado artigo 14, responderán: a.—Na primeira ocupa- ción ou utilización, o promotor das obras e a persoa (física ou xurídica), que efectúe a ocu- pación ou a utilización, tendo, as multas que se impoñan, carácter independente. Non obstante, o primeiro ocupante quedará exonerado se demostra que actuou baixo engano do promotor ou transmitente do inmovible. b.—Na subministración de auga, gas, electricidade, ou telefonía fixa, responderán as empresas que presten os servicios sen esixir, previamente, a licenzia municipal de pri- meira utilización. c.—Na ocultación ou falsea- mento de datos ou información, será responsa- ble o causante ou autor de dita actuación.

2) Nas infraccións leves, ás que se refire o apar- tado 3 do artigo 14, responderán os autores das mesmas, e sempre con carácter independente se concurrise máis dunha persoa na súa comisión.

Artigo 17.—*Organo sancionador competente.*— O órgano competente para a resolución do procedemento sancionador, e no seu caso a imposición de multas, é o Sr. Alcalde, de conformidade co esta- blecido polo artigo 21.1.n), da Lei 7/85, de 2 de abril, R.B.R.L.

**Disposición adicional.**—En todo o non previsto na presente Ordenanza, rexerán os preceptos que resulten de aplicación da Lei 7/85, de 2 de abril; a Lei 1/97, de 24 de marzo, do Solo de Galicia; o Re- gulamento de Disciplina Urbanística, aprobado por Decreto 28/99, de 21 de xaneiro; a Lei 30/92, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administra- cións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e, o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado por Real Decreto 1398/93, do 4 de agosto.

**Disposición final.**—A presente Ordenanza en- trará en vigor, a partir do décimo quinto día se- guinte a aquel en que se publique integramento o seu texto no B.O.P., unha vez sexa aprobada defini- tivamente, ben automaticamente ou por acordo ex- preso, e elo en virtude do disposto polo artigo 70.2 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local.

Cambados, 18 de setembro do ano 2000.—O Al- calde, José Manuel Cores Tourís. 7199

## E D I T O

Bases que rexerán o Concurso-Oposición que se convoca para provisión dunha praza de Adminis- trativo de A.X. en promoción interna, incluída na Oferta de E.P. do ano 2000.

**Obxecto da convocatoria.**—A provision, dunha praza de administrativo de Admón Xeral deste Concello, mediante concurso-oposición, podendo optar os funcionarios pertencentes á Subescala de Auxiliares de Admón Xeral.

**Requisitos dos aspirantes.**—a).—Estar en pose- sión do título de Bacharelato Superior ou equiva- lente, ou ter unha antigüidade mínima de dez anos no grupo D. b).—Acreditar que pertencen á Subes- cala de Auxiliares de Administración Xeral, e o tempo que levan desempeñando a praza correspon- dente. c).—Aportar a documentación acreditativa dos méritos alegados para a fase do concurso.

**Presentación de instancias.**—Dentro do prazo de 20 días naturais, a contar da publicación do anun- cio de convocatoria no B.O.P., acompañadas da do- cumentación indicada na Base 2ª.b)

**Tramitación.**—Finalizado o prazo de presenta- ción de instancias, o Sr. Alcalde dictará Resolu- ción declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos, designándose ó mesmo tempo o Tribunal calificador, e a data de celebración das probas,